



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA MARTES 21 DE XULLO DE 2026.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 11º do Regulamento orgánico municipal e no Decreto deste Alcalde número 475/2023, do 3 de xullo,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local** para:

- ➔ Día: martes 21 de xullo de 2026.
- ➔ Hora: 09,00.
- ➔ Lugar: Salón da Alcaldía da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 7 DE XULLO DE 2026.
2. ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DE DONA RAMONA IRAGO FERREIRO Á AUTORIZACIÓN DE USO DO NICHU 3/A3 DO CEMITERIO DO SANTIAGUIÑO DO MONTE.
3. AUTORIZACIÓN DO USO FUNERARIO DA SEPULTURA A9/16 DO CEMITERIO MUNICIPAL DO SANTIAGUIÑO DO MONTE SOLICITADA POR MARÍA TERESA SUEIRO TRIGO.
4. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓN ACCESO EN ESTRAMUNDI E OUTRO", POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXPTE. NÚM. 09/2026-OB-PASA, 2026/C003/000003, INCLUÍDA NA AXUDA CAMIÑOS RURAIS 2026-2027.
5. LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE SOTO, BAIXO, 4 ANDARES E BAIXO CUBERTA PARA GARAXES, LOCAL E 9 VIVENDAS NA AVENIDA DE COMPOSTELA NÚMERO 57.
6. LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE LUANS Nº 22.
7. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<http://sede.padron.gal>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do

Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca